

Sistema de Xestión Ambiental

Centro Asociado á UNED en Lugo

UNED de Lugo

Xaneiro 2025

#SOMOS2030

www.uned.es

UNED



Índice

1. Introducción	4
2. Fases de implantación do Sistema de Xestión Ambiental	5
2.1. Información á comunidade universitaria.....	5
2.2. Revisión ambiental inicial	5
2.3. Política ambiental.....	7
2.4. Estrutura e responsabilidades	7
2.5. Identificación e xerarquización de aspectos ambientais	8
2.6. Identificación de requisitos legais e outros requisitos	
2.6.1. Requisitos legais.....	9
2.6.1.1. Lexislación ambiental estatal.....	9
2.6.1.2. Lexislación ambiental autonómica.....	10
2.6.1.3. Normas internacionais	10
2.6.2. Outros requisitos.....	11
2.7. Plan ambiental (obxectivos, metas e programa).....	12
2.8. Formación, sensibilización e competencia profesional	13
2.9. Documentación do sistema	13
2.10. Rexistros de xestión.....	14
2.11. Auditoría interna.....	14
2.12. Revisión do sistema pola dirección	15
2.12.1. Frecuencia e Alcance.....	15
2.12.2. Resultados da Revisión	15
2.13. Declaración ambiental.....	16
2.14. Auditoría de verificación, validación da declaración e rexistro	16
Bibliografía.....	18
Anexo I. Directriz de Xestión de Impacto Ambiental.....	20

1. Introducción

En 1973 fundouse a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) como un modelo pioneiro en España, ofrecendo educación superior de calidade mediante a modalidade a distancia. Desde entón, a UNED destacou pola súa capacidade de innovación e adaptación ás necesidades cambiantes da sociedade. En 2008 estableceuse en Lugo o Centro Asociado da UNED, consolidándose como unha referencia educativa na provincia e proporcionando unha formación accesible e flexible.

Ao longo dos anos, a UNED Lugo non só ampliou a súa oferta educativa, senón que tamén asumiu un papel activo na promoción da sostibilidade ambiental. Un paso significativo nesta dirección foi o seu compromiso coa implantación de sistemas e proxectos que integran criterios ambientais no seu funcionamento, como o Proxecto #LugoNaturalMente, iniciado en 2018. Este programa fomenta a sensibilización ambiental e a sostibilidade a través de actividades como obradoiros, rutas educativas, xornadas científicas e campañas de concienciación.

Neste contexto, e como reflexo do seu compromiso coa sostibilidade, a UNED Lugo decidiu avanzar cara á implantación dun Sistema de Xestión Ambiental (SXA). Esta iniciativa ten como obxectivo avaliar e minimizar o impacto ambiental das actividades do centro, incorporando as mellores prácticas na xestión de residuos, eficiencia enerxética e conservación do entorno natural.

Seguindo modelos exitosos doutras institucións universitarias, a UNED Lugo propón un enfoque sistemático para integrar os principios do Modelo EFQM e as normas ISO 14001 na súa actividade diaria. Ambos os documentos describen as fases necesarias para implementar o SXA, adaptándoo ás particularidades do centro e establecendo as bases para unha xestión ambiental eficiente e sostible.

Por medio destas accións, o Centro Asociado á UNED en Lugo reforza o seu papel como referente non só na educación a distancia, senón tamén no compromiso ambiental, promovendo unha cultura de responsabilidade e mellora continua en beneficio da súa comunidade e do medio ambiente.

2. Fases de implantación do Sistema de Xestión Ambiental

2.1. Información á comunidade universitaria

Nesta primeira fase preténdese involucrar no SXA a toda a comunidade universitaria. O obxectivo é difundir unha visión global do plan a seguir para promover que cada un dos membros dos distintos estamentos que conforman a UNED de Lugo sexan partícipes do mesmo, evitando que actúen como meros espectadores, pois trátase dun proxecto que require a participación de todos os niveis.

Realizarase unha campaña de sensibilización para informar sobre a importancia do SXA. Esta fase incluírá reunións informativas, comunicados internos mediante diferentes mecanismos (correos electrónicos, notas na Intranet, etc.) e a creación dunha sección dedicada ao SXA na páxina web do centro.

2.2. Revisión ambiental inicial

Para establecer o Sistema de Xestión Ambiental do Centro Asociado á UNED en Lugo realizarase, anualmente, unha revisión ambiental previa á súa implementación ao inicio de cada curso académico.

Esta inspección consistirá na revisión dos principais aspectos ambientais que afectan á sé do centro e as súas instalacións. Térense en conta tanto aspectos técnicos e de xestión como relativos ao impacto sobre os grupos de interese aos que se dirixe a actividade universitaria.

O equipo encargado desta primeira aproximación estará conformado pola dirección do Centro Asociado e pola Comisión do SXA. Procederase mediante a avaliación dos aspectos que se detallan a continuación:

1. Consumo de Recursos Naturais

- Consumo de auga: cantidade utilizada, fontes (potable, reciclada), e posibles fugas ou ineficiencias.
- Consumo de enerxía: uso de electricidade e combustibles fósiles, seguimento de eficiencia enerxética, e transición a fontes renovables.
- Uso de materiais: consumo de papel, plásticos, produtos químicos, e outros recursos.

2. Xestión de Residuos

- Xeración de residuos sólidos: cantidade producida, clasificación, e reciclaxe (orgánico, inorgánico, electrónicos, perigosos).
- Residuos perigosos: manexo seguro de sustancias químicas, refugallo de laboratorios e produtos tóxicos.
- Políticas de reciclaxe e compostaxe: avaliación dos programas postos en práctica.

3. Emisións e Contaminación

- Pegada de carbono: medición das emisións de gases de efecto invernadoiro (transporte, calefacción, aire acondicionado, etc.).
- Contaminación acústica: nivel de ruído xerado por actividades universitarias.

4. Biodiversidade e Espazos Verdes

- Estado de áreas verdes: conservación, mantemento e mellora de xardíns, bosques e hábitats naturais.
- Flora e fauna locais: impacto das actividades universitarias na biodiversidade do entorno.

5. Mobilidade e Transporte

- Transporte sostible: uso de bicicletas, transporte público, vehículos eléctricos e compartidos.
- Plan de mobilidade: estratexias para reducir o tráfico e as emisións.

6. Educación e Sensibilización Ambiental

- Actividades educativas: cursos, talleres e campañas para concienciar a estudantes e persoal.
- Participación da comunidade: implicación en proxectos ambientais e na toma de decisións.

7. Normativa e Cumprimento

- Cumprimento legal: revisión de normativas ambientais locais, nacionais e internacionais aplicables.
- Auditorías ambientais: internas e externas para verificar o cumprimento do plan. As auditorías externas realizaranse segundo a dispoñibilidade económica do centro.

8. Eficiencia en Edificios e Infraestrutura

- Deseño sostible: estado de construcións ecolóxicas ou con certificación (LEED, BREEAM).
- Mantemento e melloras: revisión de sistemas de illamento, iluminación LED e equipos eficientes.

9. Cambio Climático e Adaptación

- Plans de resiliencia: medidas para afrontar eventos extremos (inundacións, ondas de calor).
- Adaptación climática: estratexias para minimizar os riscos asociados ao cambio climático.

10. Innovación e Investigación

- Proxectos de investigación: avances en tecnoloxías e métodos sostibles.

- Colaboracións externas: alianzas con organizacións ambientais e outras institucións educativas.

2.3. Política ambiental

A UNED de Lugo está fortemente comprometida co medio natural e o fomento dos valores e principios de sustentabilidade recollidos na Axenda 2030 e nos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Asemade, a política ambiental do Centro Asociado fundaméntase nos seguintes principios do Plan Estratéxico da UNED e a súa política de Xestión da Enerxía aprobada polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2019:

1. Preservar o medio ambiente de forma continuada no tempo nas actividades e na xestión que realiza, así como nos ámbitos en que opera.
2. Identificar, controlar, avaliar e realizar un seguimento dos aspectos ambientais asociados a todas as actividades propias do ensino universitario.
3. Promover a inclusión dos ODS e do medio ambiente en todos os ensinos da UNED e favorecer a investigación e a transferencia do coñecemento nestes temas.
4. Promover e potenciar a maior eficiencia na utilización dos recursos, tanto os naturais como os enerxéticos e os materiais.
5. Reducir e eliminar no posible a contaminación que poida derivarse das súas actividades e así colaborar na loita contra o cambio climático.
6. Fomentar a redución no uso dos recursos, a recuperación, a reciclaxe e a reutilización de recursos, así como a redución de residuos. Promover un sistema de xestión de residuos.
7. Racionalizar e desenvolver estratexias de consumo, compras e contratación pública responsables e sustentables.
8. Adecuar a política ambiental aos novos requirimentos tendendo ao benestar das persoas, a economía circular e a sustentabilidade.
9. Informar, formar e sensibilizar ao persoal e aos estudantes da Universidade para que sexan parte activa da xestión ambiental sustentable.
10. Colaborar e establecer alianzas con outras institucións do sector público e do privado, e tanto no ámbito nacional como no internacional, para asegurar o cumprimento desta política ambiental e a protección do medio ambiente.

2.4. Estrutura e responsabilidades

Co obxectivo de garantir a implementación, operación e mellora continua do SXA, establecerase unha organización xerárquica e asignación de funcións dentro do Centro Asociado. A estrutura e responsabilidades estableceranse do seguinte modo:

- **Dirección:** directora do Centro Asociado de Lugo.

- Definir a política ambiental.
 - Aprobar obxectivos e metas ambientais.
 - Proveer recursos necesarios (financeiros, humanos e tecnolóxicos).
 - Identificar e xestionar aspectos ambientais significativos relacionados coas actividades do centro.
 - Cumprir coas políticas e procedementos ambientais.
- **Comisión de xestión ambiental:** biólogos ambientais do Proxecto #LugoNaturalMente.
 - Coordinar a implementación do SXA.
 - Supervisar o cumprimento de normativas ambientais.
 - Identificar e xestionar aspectos ambientais significativos relacionados coas actividades do centro.
 - Elaborar informes ambientais.
 - Reportar incidentes ou non conformidades.
 - Comunicar resultados.
 - **Persoal do centro:** PAS do Centro Asociado de Lugo.
 - Fomentar a participación activa do persoal no SXA.
 - **Comunicación interna:**
 - Definir canais de información sobre políticas, procedementos e resultados ambientais.
 - **Supervisión e auditorías:**
 - Asignar responsabilidades para vixiar e auditar.
 - Mellorar o desempeño ambiental do Centro Asociado.

2.5. Identificación e xerarquización de aspectos ambientais

En base aos resultados obtidos na revisión ambiental, realízase unha identificación e xerarquización de aspectos ambientais implicados de maneira directa ou indirecta no funcionamento diario do Centro Asociado da UNED de Lugo.

Para iso recórrese a unha metodoloxía de identificación correctamente estruturada que permita establecer unha clasificación final dos aspectos ambientais en función do seu grao de prioridade de atención. En primeiro lugar, realízase a mencionada revisión ambiental inicial, capturando datos tanto en condicións normais como anormais e de emerxencia. A continuación, selecciónase o ámbito de aplicación, considerando todas as unidades departamentais e as respectivas infraestruturas xerais do centro. Finalmente, procédese coa recompilación de datos, realizando entrevistas cos responsables de cada un dos departamentos do centro para documentar todos os aspectos ambientais, así como rexistrando e consultando cada un dos aspectos identificados. Cabe destacar que todos os datos sobre os aspectos identificados poderanse consultar na intranet institucional para ser consultados polo persoal.

Posteriormente, é necesario crear unha metodoloxía específica que permita valorar cuantitativamente estes aspectos segundo o seu grao de afección sobre o medio ambiente. A xerarquización de aspectos ambientais réxese pola seguinte clasificación:

1. Clasificación de aspectos:
 - a. Significativos: aqueles cun impacto considerable ou que requiren atención prioritaria.
 - b. Non significativos: aspectos cun impacto menor ou controlado.
2. Metodoloxía cuantitativa: aplícase unha metodoloxía específica que asigna puntuacións aos aspectos ambientais, facilitando a súa xerarquización (ex., significativos/non significativos)

Os resultados da xerarquización permiten:

1. **Realizar un informe e a súa difusión**: os resultados da xerarquización preséntanse nun informe detallado, dispoñible para todo o persoal a través da intranet. Isto permite a cada membro comprender os aspectos ambientais relevantes ás súas actividades. Algúns exemplos de aspectos ambientais son: o consumo de cartuchos de tinta e tóner, consumo de papel, consumo de enerxía eléctrica, formación ambiental de ensino non regulado, xeración de lixo común, consumo de combustibles, xeración de recursos perigosos, etcétera.
2. **Integrar no Plan Ambiental os aspectos críticos**: os aspectos significativos identificados utilízanse para definir obxectivos e metas no plan ambiental, asegurando que se enfoquen os recursos en áreas críticas.

2.6. Identificación de requisitos legais e outros requisitos

A continuación, especificanse as obrigas que o Centro Asociado á UNED en Lugo debe cumprir para operar de maneira legal e sostible, garantindo o coidado do medio ambiente:

2.6.1. Requisitos legais

2.6.1.1. Lexislación ambiental estatal

- **Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental**: establece o réxime de responsabilidade dos operadores que realicen actividades que poidan causar danos ao medio ambiente, obrigándoos a previr e reparar ditos danos.
- **Lei 34/2007, de 15 de novembro, de Calidade do Aire y Protección de la Atmosfera**: actualiza a base legal para a avaliación e xestión da calidade do aire, co obxectivo de previr riscos para a saúde humana e o medio ambiente.

- ***Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural y de la Biodiversidade:*** orienta á conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade en España.
- ***Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental:*** establece o marco para a avaliación do impacto ambiental de proxectos e plans, garantindo a protección do medio ambiente na tome de decisión.
- ***Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos y Solos Contaminados para una Economía Circular:*** regula a xestión de residuos e a descontaminación de solos, promovendo a economía circular e a redución de residuos.

2.6.1.2. Lexislación ambiental autonómica

- ***Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa a la conservación de los hábitats naturais y de la fauna y flora silvestre:*** establece un marco para a conservación de hábitats naturais e especies de fauna e flora silvestres na UE, co obxectivo de garantir a biodiversidade mediante a creación da Rede Natura 2000, que protexe espazos chave e fomenta o desenvolvemento sustentable.
- ***Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia:*** establece las normas para la defensa, protección, conservación y restauración do medio ambiente en Galicia, asegurando una utilización racional de los recursos naturais.
- ***Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección do Paisaxe de Galicia:*** orienta á preservación, xestión e ordenación da paisaxe galega, o seu valor como patrimonio natural e cultural.
- ***Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural y de la biodiversidade de Galicia:*** regula a protección, restauración e uso sostible do patrimonio natural e a biodiversidade, adaptando a normativa estatal e europea a nivel autonómico, con medidas específicas para especies e espazos galegos, e promovendo a participación cidadá.
- ***Lei 2/2024, de 7 de novembro, de Promoción de los Beneficios Sociais y Económicos de los Proxectos que Utilizan los Recursos Naturais de Galicia:*** busca equilibrar o aproveitamento dos recursos naturais con beneficios para á comunidade, promovendo a sustentabilidade e o desenvolvemento local.

2.6.1.3. Normas internacionais

Estándar de sistemas de xestión ambiental. ISO 14001

A norma ISO 14001 é un estándar global para os Sistemas de Xestión Ambiental (SXA), que fomenta a participación de toda a organización na protección do medio ambiente e permite a certificación do SXA, mellorando o desempeño ambiental (Gómez, 2013; Varela, 2009).

Na súa versión 2015, define o medio ambiente como “a contorna no cal unha organización opera, incluídos o aire, a auga, o chan, os recursos naturais, a flora, a fauna, os seres humanos e os seus interrelacións” (Organización Internacional de Normalización, 2015).

Este enfoque sistemático contribúe ao desenvolvemento sustentable mediante a mitigación de impactos ambientais, o cumprimento normativo, a mellora continua e a comunicación ambiental efectiva, logrando ademais beneficios operativos e financeiros. Recoñecida globalmente, a ISO 14001 é o estándar de SXA máis empregado.

Modelo EFQM

O Modelo European Foundation for Quality Management (EFQM) é un marco de xestión recoñecido a nivel global que promove a excelencia e apoia ás organizacións na xestión do cambio e a mellora continua da súa desempeño (EFQM, 2024).

Este enfoque integral permite ás entidades adoptar prácticas sustentables mediante a aliñación estratéxica dos seus obxectivos cos principios de sustentabilidade ambiental. Ao aplicar o modelo, as organizacións poden avaliar e mellorar non só a súa eficacia operativa, senón tamén reducir significativamente a súa Pegada de Carbono e minimizar o impacto ambiental das súas actividades.

Ademais, fomenta a integración de criterios de xestión ambiental en tódalas áreas da organización, desde a planificación estratéxica até as operacións diarias, impulsando unha cultura de responsabilidade ecolóxica e contribuíndo ao cumprimento de normativas ambientais e obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Isto reflicte a importancia de que as empresas e entidades incorporen na súa política institucional un modelo EFQM que lles permita incorporar un sistema de traballo de mellora continuada onde se avogue pola toma de decisións e medidas de conservación en prol da xestión para reducir o seu impacto ambiental no centro.

2.6.2. Outros requisitos

Obrigas en emerxencias ambientais:

- Ter plans de continxencia aprobados.
- Contar con equipos de resposta.
- Informar ás autoridades sobre incidentes e tomar medidas correctivas.

Obrigas de reporte e supervisión:

- Enviar reportes periódicos ás autoridades sobre emisións, consumo de recursos e xeración de residuos.
- Realizar revisións regulares de calidade do aire, auga e solos para cumprir cos estándares.

Protección da biodiversidade:

- Realizar actividades que non impacten especies protexidas ou hábitats sensibles.
- Establecer restricións de actividades en áreas protexidas.
- Implementar programas de compensación ou restauración ecolóxica.

2.7. Plan ambiental (obxectivos, metas e programa)

O plan ambiental é un documento chave que define as accións estratéxicas necesarias para mellorar o desempeño ambiental da organización. Neste documento establécense e planifícanse distintos obxectivos e metas ambientais a partir da Política Ambiental e da xerarquización dos aspectos ambientais. Deste xeito, establécense accións para a mellora daqueles aspectos de maior impacto sobre o medio. O plan ambiental inclúe:

- Asignación de responsabilidades para acadar os obxectivos e metas en cada función e nivel relevante da organización.
- Asignación dos recursos (humanos e económicos) e o calendario no que deben aplicarse.

A continuación, propónse un resumo do plan ambiental que se debe seguir no centro da UNED de Lugo:

- **Mellorar a eficiencia enerxética:** apagar luces e dispositivos electrónicos cando non se usen programando o apagado, axustar a temperatura das estancias a 19°C para a calefacción e a 27°C para a refrixeración, controlar o peche de portas e xanelas e optar por iluminación natural e electrodomésticos eficientes.
- **Consumir de maneira responsable:** reducir o uso de envases dun só uso, consumir produtos locais e de tempada, e minimizar o desperdicio de alimentos e recursos.
- **Optimizar a xestión da auga:** evitar o uso innecesario de auga embotellada, optar por cantimploras reutilizables, reportar fugas e manter a humidade relativa en valores entre o 30%-70%.
- **Reducir o uso de papel:** imprimir só cando sexa necesario, reutilizar papel usado promovendo o uso de papel reciclado e priorizar a comunicación electrónica.
- **Establecer un indicador ambiental:** definición dun indicador de medición da Pegada de Carbono para cuantificar o impacto ambiental do centro educativo no medio. Establecerase

unha porcentaxe obxectivo para reducir o 2% das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) emitidas á atmosfera.

- **Mellorar a recollida selectiva de residuos:** coñecer os datos de lixo xerado e de maneira desagregada, mellorando o control de cada un dos tipos de residuos xerados nas distintas actividades da organización (docencia, biblioteca, prácticas de investigación, etc.).

Tódalas medidas mencionadas deben poñerse en práctica e ser revisadas unha vez se teña acadado a data límite previamente programada.

2.8. Formación, sensibilización e competencia profesional

A sensibilización configúrase como unha das partes fundamentais do SXA do Centro Asociado da UNED en Lugo. Para garantir a formación continua do Equipo do SXA e do PAS do centro, prográmanse unha serie de proxectos de sensibilización ambiental e cursos que promoven a mellora da competencia ambiental profesional das persoas integrantes do centro educativo.

- **Proxecto #LugoNaturalMente:** proxecto activo desde 2019 que recolle tódalas iniciativas relacionadas coa conservación, protección e divulgación do medio ambiente.
- **Conferencias de “Alfabetización Climática”:** charlas de divulgación ambiental dirixidas a todos os estratos sociais da provincia lucense e incluídas na formación do PAS do centro.
- **Cursos de extensión universitaria:** formación a través de cursos relacionados coa conservación do medio impartidos pola propia UNED desde as súas distintas sedes e impartición destes dende o centro de Lugo.
- **Proxectos de Aprendizaxe e Servizo:** implementación de novas metodoloxías de ensinanza nos estudos ofrecidos pola universidade, enfocando o proceso de ensinanza-aprendizaxe desde unha perspectiva innovadora e motivadora para o estudantado.
- **Colaboración con ONGs ambientais:** participación e colaboración en iniciativas ambientais levadas a cabo por ONGs ambientais da provincia de Lugo que contribúan á mellora da calidade ambiental da sociedade lucense.
- **Formación externa:** cursos de formación ambiental impartidos por entidades externas alleas á UNED que poidan ter un aporte enriquecedor nos coñecementos do persoal do centro.

2.9. Documentación do sistema

A documentación do Sistema de Xestión Ambiental (SXA) é fundamental para asegurar a coherencia, trazabilidade, e eficacia do sistema. Proporciona unha guía clara sobre os procedementos, responsabilidades e rexistros necesarios para cumprir cos requisitos do SXA. A documentación do sistema de xestión ambiental está composta por:

1. Sistema de xestión ambiental (SXA): define e describe a estrutura do SXA, os seus obxectivos, alcance e políticas.
2. Directriz da xestión de impacto ambiental: busca garantir que os equipos e instalacións estean en perfectas condicións de uso, cumpran coa normativa vixente e sigan os criterios de sustentabilidade ambiental do Centro Asociado á UNED en Lugo.
3. Rexistro do SXA: evidencias documentadas da execución de actividades relacionadas co propio sistema.
4. Boas prácticas: cabe considerar a introdución de documentación relacionada cos procedementos de cálculo y rexistro de indicadores ambientais. En concreto, a UNED de Lugo posúe un sistema estruturado que xa leva anos implantado, para o cálculo da pegada de carbono do propio centro, sendo recoñecido cos selos acreditativos que recoñece o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

Por último, é crucial establecer unha fase de actualización e revisión da documentación do sistema, é dicir, como a universidade redacta, revisa e aproba a documentación do sistema. Este proceso realízase cunha periodicidade determinada na que se faga unha revisión periódica dos documentos para asegurar a súa relevancia e vixencia. Igualmente, designaranse responsables para a actualización e mantemento dos documentos.

2.10. Rexistros de xestión

Segundo os estándares establecidos na ISO 14001 e co obxectivo de asegurar a trazabilidade e a transparencia da xestión ambiental do Centro Asociado de Lugo implementaranse documentos de rexistro das actividades establecidas no SXA. Isto permitirá o rastrexo, avaliación e demostración do cumprimento cos requisitos do sistema, as metas ambientais e as normativas aplicables.

Realízanse os seguintes tipos de rexistros:

- **Rexistros operativos:** consumo de auga, enerxía, materias primas ou xeración de residuos.
- **Rexistros de avaliación e vixilancia:** informes anuais de cumprimento do SXA.
- **Rexistros de emisións:** inspeccións de sistemas de control de emisións.
- **Rexistros de auditorías:** informes, internos e externos, de auditoría ambiental.
- **Rexistros de incidentes e emerxencias:** informes de incidentes, rexistros de simulacros.

2.11. Auditoría interna

A auditoría consiste en realizar unha revisión do SXA de maneira sistemática, independente e documentada. Este proceso permite obter evidencias e avalialas obxectivamente para determinar o grao de cumprimento dos criterios do sistema de xestión ambiental. É una ferramenta chave para

identificar posibles deficiencias na implementación do SXA e aplicar as medidas correctivas necesarias antes da auditoría de certificación.

Esta auditoría realízaa o persoal da UNED de Lugo coa formación adecuada. A difusión de información relacionada cas auditorías realizarase a través a intranet. O persoal da UNED de Lugo poderá consultar as non conformidades detectadas durante os procesos de auditoría, así como as accións correctoras e preventivas previstas para resolvelas.

No que se refire á frecuencia das auditorías internas, deben celebrarse de forma regular, xeralmente cunha frecuencia mínima dun ano, aínda que a frecuencia pode axustarse segundo a complexidade do SXA e os resultados de auditorías anteriores.

2.12. Revisión do sistema pola dirección

A dirección será a encargada de realizar unha supervisión continuada do Sistema de Xestión Ambiental (SXA) para garantir a mellora continua e a adecuación do sistema ás necesidades organizativas, normativas e ambientais. Isto permitirá que o SXA sexa una ferramenta dinámica que promova a responsabilidade ambiental en tódalas actividades e servizos da institución.

O obxectivo principal da revisión é avaliar a eficacia e o desempeño do SXA, asegurando que:

- Se cumpran os obxectivos e metas ambientais establecidos.
- O sistema segue sendo adecuado, eficaz e conforme aos requisitos legais, normativos e organizativos aplicables.
- Se identifican oportunidades de mellora nas políticas, procesos e actividades vinculadas ao SXA.

2.12.1. Frecuencia e Alcance

A dirección revisará o SXA alomenos una vez ao ano, avaliando auditorías, cumprimento de obxectivos, desempeño ambiental, requisitos legais, comunicacións e suxestións de mellora. Esta análise garante a adaptación do sistema a posibles cambios no contexto interno externo.

2.12.2. Resultados da Revisión

Adoptaranse decisión para mellorar o SXA, estableceranse novos obxectivos, asignaranse os recursos necesarios e comunicaranse as conclusións pertinentes. Estas accións reforzan o compromiso coa sostibilidade e a mellora continua en tódalas áreas da institución.

2.13. Declaración ambiental

A institución da UNED de Lugo pon de manifesto na súa declaración ambiental, que será revisada anualmente, o seu compromiso coa protección do medio ambiente e o cumprimento da implantación do SXA no centro educativo.

A universidade enfócase en minimizar os impactos ambientais derivados das súas actividades educativas, administrativas e culturais, promovendo prácticas responsables entre a súa comunidade universitaria.

Para elo, identificáronse unha serie de aspectos ambientais asociados á actividade do centro que son chave á hora de mellorar a súa xestión:

- Consumo enerxético e de recursos naturais.
- Xeracións de residuos: incluíndo papel, plásticos e electrónicos.
- Mobilidade e transporte de estudantes e o persoal do centro.

Tendo en conta os impactos mencionados anteriormente, a universidade comprométese a cumprir coa normativa ambiental vixente e a implementar medidas de mellora continua, especificadas no apartado 2.7, destacando:

- Reducir o consumo de enerxía, papel e auga.
- Xestionar residuos de xeito sostible, priorizando a reciclaxe.
- Fomentar a mobilidade sustentable e dixitalizar procesos administrativos.
- Sensibilizar á comunidade universitaria en prácticas ecolóxicas.
- Vixilancia e transparencia.

As medidas serán avaliadas cunha periodicidade anual mediante auditorías, tanto internas como externas, que avalíen o cumprimento dos obxectivos establecidos no SXA, garantindo a difusión de resultados mediante informes anuais. A revisión constante desta declaración asegura o seu aliñamento coas metas ambientais e o interese das partes interesadas.

2.14. Auditoría de verificación, validación da declaración e rexistro

A auditoría de verificación e a validación da declaración ambiental son procesos chave para asegurar a transparencia, a credibilidade e o cumprimento do Sistema de Xestión Ambiental (SXA) cos requisitos establecidos, en liña coas normativas aplicables.

Para garantir o cumprimento normativo, a eficacia do SXA e a veracidade da declaración ambiental, procederase con distintos procesos de verificación e validación:

- **Auditorías internas e externas:** avaliación do SXA polo persoal interno e auditores externos acreditados para garantir a súa conformidade e desempeño. As auditorías externas realizaranse segundo a dispoñibilidade económica do centro.
- **Validación da declaración ambiental:** confirmación, por parte dun auditor externo, da exactitude e conformidade da declaración ambiental con normativas como ISO 14001 ou o Regulamento EMAS.
- **Rexistro ambiental:** inscrición da declaración validada en organismos competentes para garantir transparencia e accesibilidade pública.

O proceso de auditoría e validación realizarase de xeito periódico, xeralmente de maneira anual, ou segundo os requisitos da normativa aplicable. Os resultados destas auditorías documentaranse e servirán como base para a revisión pola dirección e a mellora continuada do SXA.

Bibliografía

- Gómez Contreras, J. L. (2013). Cultura Organizacional para una xestión ambiental comprometida con la sustentabilidad: Una aproximación teórica. (Doctoral dissertation).
- Varela, J. M. (2009). Implantación de un Sistema de Xestión Ambiental basado en el Reglamento Comunitario EMAS en instalaciones Acuariológicas (Tesis Doctoral). Universidade da Coruña.
- Organización Internacional de Normalización (2015). ISO 14001. Sistemas de Xestión Ambiental. Requisitos con orientación para su uso. Secretaría Central de ISO en Ginebra, Suiza.
- El Modelo EFQM. (10 de diciembre 2024). Recuperado de: <https://efqm.org/es/the-efqm-modo/>
- Ley 34/2007, de 15 de noviembre, de calidad do aire y protección de la atmósfera. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 275, de 16 de noviembre de 2011, pp. 46962- 46987. <https://www.boe.es/eli/es/l/2007/11/15/34>
- Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de Evaluación Ambiental. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 296, de 11 de diciembre de 2013, pp. 98102-98150. <https://www.boe.es/eli/es/l/2013/12/09/21>
- Ley 42/2007, de 13 de diciembre, do Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 299, de 14 de diciembre de 2007, pp. 51275-51327. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21490>
- Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 85, de 9 de abril de 2022, pp. 48829-48914. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-5809>
- Ley 26/2007, de 23 de octubre, de Responsabilidad Medioambiental. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 255, de 24 de octubre de 2007, pp. 43265-43289. <https://www.boe.es/eli/es/l/2007/10/23/26>
- Ley 42/2007, de 13 de diciembre, do Patrimonio Natural y la Biodiversidad. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 299, de 14 de diciembre de 2007. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21490>
- Ley 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural y de la biodiversidad de Galicia. DOG núm. 149, miércoles 7 de agosto de 2019, pp. 35934. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190807/AnuncioC3B0-020819-0001_es.html

Directiva 92/43/CEE do Consejo, de 21 de mayo de 1992, relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestre. DOG núm. 62, lunes 31 de marzo de 2014, pp. 13427.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140331/AnuncioCA02-270314-0001_es.html

Ley 1/1995. De 2 de enero, de protección ambiental de Galicia. *Boletín Oficial do Estado*, núm. 143, de 16 de junio de 1995. DOG Núm. 29, do 10 de febrero de 1995.
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1995-14602>

Ley 7/2008, de 7 de julio, de protección do paisaxe de Galicia. DOG núm. 139, de 18 de julio de 2008. *Boletín Oficial do Estado* Núm. 201, de 20 de agosto de 2008.
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2008-14097>

Ley 2/2024, de 7 de noviembre, de promoción de los beneficios sociales y económicos de los proyectos que utilizan los recursos naturales de Galicia. DOG núm. 217, de lunes 11 de noviembre de 2024, pp. 59405.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241111/AnuncioC3B0-071124-0001_es.html

Anexo I. Directriz de Xestión de Impacto Ambiental

Título	Xestión do impacto medioambiental
Edición e data	Ed.1 (25-01-2025)
Obxecto	Garantir que os equipos e instalacións estean en perfectas condicións de uso, cumpran coa normativa vixente e sigan os criterios de sustentabilidade ambiental do Centro Asociado á UNED en Lugo
Obxectivo	Garantir unha correcta xestión do impacto ambiental que ten o Centro Asociado no medio
Responsable	Dirección do Centro Asociado e Comisión SXA
Indicador ambiental	Impacto ambiental do Centro Asociado a través do indicador de Pegada de Carbono (redución do 2%)
Recursos	Ferramentas internas do Centro Asociado e presuposto destinado ás melloras medioambientais

Accións	Persoal responsable	Referencias
Definir OBXECTIVOS e indicadores do sistema de xestión ambiental (SXA)	Dirección UNED Lugo	Documento interno SXA

Accións	Persoal responsable	Referencias
COMPROMISO da dirección ca xestión medioambiental	Dirección UNED Lugo	Política ambiental do Centro Asociado Páxina web do Centro Asociado e do Proxecto #LugoNaturalMente
Establecer PLANTEXAMENTO do sistema de xestión medioambiental	Dirección UNED Lugo e Comisión SXA	Equipo ambiental do Centro Asociado
Determinar as CUESTIÓNS externas e internas que son pertinentes para o SXA	Comisión SXA UNED Lugo	Análise do entorno externo e interno do Centro Asociado
Identificación das necesidades e expectativas dos GRUPOS DE INTERÉS e determinar cales son pertinentes para o Centro Asociado de Lugo	Comisión SXA UNED Lugo	Identificar oportunidades de mellora para o público do Centro Asociado
Identificación e avaliación de ASPECTOS AMBIENTAIS . Establecemento dos considerados significativos	Comisión SXA UNED Lugo	Criterios de avaliación de impactos ambientais Medidas de aforro enerxético do Centro Asociado
Identificación e avaliación dos REQUISITOS LEGAIS e outros requisitos de aplicación. Valorar diagnóstico con respecto a un estándar medioambiental	Secretario UNED Lugo	Diagnóstico segundo as normativas internacionais de calidade e xestión ambiental (ISO 14001 y Modelo EFQM)

Accións	Persoal responsable	Referencias
Determinación e avaliación de RISCOS E OPORTUNIDADES relacionados con aspectos ambientais, requisitos legais e outros requisitos, contexto do Centro Asociado de Lugo e grupos de interese	Comisión SXA UNED Lugo	Análise de riscos ambientais do Centro Asociado Establecemento de oportunidades de mellora ambiental
PLANIFICACIÓN de xestión ambiental	Comisión SXA UNED Lugo	Plans de xestión e continxencia Control operacional da xestión ambiental do Centro Asociado
DESPREGAR requisitos medioambientais nos procesos	Dirección UNED Lugo e Comisión SXA	Criterios de compra sostible Redución de la pegada de carbono do Centro Asociado Medidas de aforro enerxético Mantementos e inspeccións regulamentarias Xestión de residuos
Por en MARCHA o control operacional do sistema medioambiental	Dirección UNED Lugo e Comisión SXA	Por en marcha as iniciativas especificadas no apartado anterior
SENSIBILIZACIÓN en materia medioambiental	Comisión SXA UNED Lugo	Campañas de divulgación ambiental Alfabetización climática dos grupos de interese Boas prácticas ambientais Web Proxecto

Accións	Persoal responsable	Referencias
		#LugoNaturalMente Observatorio ODS
INCIDENTE AMBIENTAL. En caso de producirse incidente ambiental realizarase unha análise desta, tomando medidas necesarias para evitar a súa reprodución	Dirección UNED Lugo y Comisión SXA	Desenvolvemento dun plan de emerxencia ambiental do Centro Asociado
Durante o incidente aplicarase o PLAN DE EMERXENCIA AMBIENTAL	Dirección UNED Lugo y Comisión SXA	Posta en marcha do plan de emerxencia ambiental
AVALIACIÓN E REVISIÓN do sistema de xestión ambiental (periodicidade mínima anual)	Dirección UNED Lugo y Comisión SXA	Auditorías internas Revisión do sistema polo equipo ambiental Autoxestión das melloras ambientais Revisión de plans e estratexias
COÑECER experiencias externas de éxito en relación co medio ambiente	Dirección UNED Lugo y Comisión SXA	Establecer sinerxías con outras institucións e Centros Asociados
Identificar e propoñer MELLORAS de xestión do impacto ambiental	Dirección UNED Lugo y Comisión SXA	Autoavaliación do sistema Formación continua en materia ambiental